

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS E TITOTRES LEGAIS AO

CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORA

De conformidade coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18.09.2024)*, a Xunta electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 7 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai** do total de cinco que debe ter o Consello escolar, e outro será nomeado pola ANPA. Os outros tres representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior.
2. Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no **Censo** correspondente que a partir do día **25** de **outubro** está exposto no **tableiro** de anuncios. As **reclamacións** ó referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas** do día **11** de **novembro**.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:00 horas** do día **8** de **novembro**.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 11 de novembro, ás 14:00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de Secretario/a o/a de menor idade.
5. A **campaña electoral** comprenderá **dende o 12 ata o 17** de **novembro**, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 17 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro, propostos pola ANPA do mesmo ou avalados ó tal fin pola firma de 10 electores.

7. As **votacións** realizaranse neste Centro o día **18** de **novembro**, de **9:45 a 16:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:30 horas.
8. Na **papeleta** de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.
10. Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do centro.
11. A Xunta electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Ribadeo, a 28 de outubro de 2024

A Directora e Presidenta da Xunta electoral

Asdo.: Lourdes Marqués Espina

